

Acta da Comisión Permanente do día 15 de xullo de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/07/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/07/2020.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
- IV. Recoñecementos de materias/créditos.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas e 02 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1 Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 17 de xuño de 2020.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior celebrada o 17 de xuño de 2020.

2 Informe da Presidenta.

A Presidenta comenta que está en marcha o proceso de elaboración das guías docentes das titulacións do centro e indica que, probablemente, se sometan á aprobación da Comisión de Calidade e da Xunta de Escola o próximo 23 de xullo.

A continuación informa da situación actual en relación ao Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro para o curso 2020-2021. Sinala que, en base ao acordo de Consello de Goberno do 12 de xuño cada centro deberá aprobar un plan de prevención e control do centro (PPCC) específico. Para tal efecto, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais elaborará un PPCC modelo, que será adaptado ás peculiaridades de cada centro polo equipo decanal ou directivo. Os PPCC de cada centro serán aprobados polo SPRL e posteriormente referendados pola Xunta de Centro. Tras a súa aprobación final polo Comité de Seguridade e de Saúde Laboral da universidade, procederase á súa publicación e á súa difusión.

Sinala que, en paralelo, as instrucións da Secretaría Xeral de Universidades do día 30 de xuño indican que a Universidade ten que aprobar por normativa interna un Plan de Prevención e Control Sanitario para que poida se adaptado aos centros e marca como data límite o 31 de xullo para realizar esta tarefa. A Presidenta informa que onte o SPRL achegou o modelo de PPCC, aínda que se trata dun documento que non está aprobado por ningún órgano colexiado.

Sinala que si é posible, nestas circunstancias e cos prazos tan axustados, levarase á próxima Xunta de Escola unha proposta de PPCC. De non ser posible, solicitarase delegación por parte da Xunta de Escola na Comisión Permanente para a súa valoración, polo que é previsible que se teña que convocar á Comisión Permanente na última semana de xullo para tratar este punto.

Por último, sinala que o equipo de dirección está traballando no calendario e os horarios para o próximo curso e no Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2018/2019. A idea é telos preparados para a próxima Xunta de Escola.

3 Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta comenta a proposta de tribunais de TFG (Anexo III); trátase de 7 traballos do GEE e 2 do GERME. Sinala que xa está confirmada a dispoñibilidade de todas as persoas que compoñen os tribunais agás Elena González.

Apróbese a proposta por asentimento delegando na directora a designación dun substituto en caso de que sexa necesario.

4 Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

Presentouse unha solicitude de recoñecemento que se detalla no Anexo IV. A Directora comenta que, aínda que a titulación de procedencia non é da mesma rama do coñecemento (Grao en Ciencias do Mar), a solicitante cursou dúas materias por cada unha das materias solicitadas, ademais de varias materias complementarias; por tanto, propón a valoración favorable da Comisión.

Apróbese o recoñecemento de créditos por asentimento.

5 Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 12 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a quince de xullo de dous mil vinte.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 15/07/2020

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 15 de xullo de 2020, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 17 de xuño de 2020.
2. Informe da Presidenta.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 8 de xullo de 2020
O Secretario

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ELe-De-6-Qu-ese-ELe) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 15/07/2020



Asistentes á Comisión Permanente do 15 de xullo de 2020
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Santiago Pozo Antonio
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa
nesta vindeira convocatoria**



ANEXO IV

Recoñecementos de materias/créditos